

# Confusión e morte de María Balteira

Marica Campo



BAÍA EDICIÓNS

*A todas as mulleres da miña familia*

# Prólogo

## Tradición e orixinalidade

Non sorprende que o libro *Confusión e morte de María Balteira* teña acadado unha cuarta edición. E dicimos que non sorprende porque é un libro de relatos dun alto nivel literario. Dicir iso non sería máis que loanza baleira, a non ser pola verdade que conteñen estas palabras, desde a calidade e riqueza da lingua galega na que están escritos até as moitas facetas que ofrecen respecto do contexto galego, da perspectiva feminina, das tramas tanto orixinais como arquetípicas.

Pensamos que o estilo da autora, Marica Campo, vai levado por un ritmo de auga e natureza, ritmo creado pola relación variada e insistentemente contigua que hai na súa narrativa entre a muller, o mundo vexetal e animal. O espazo habitado polas mulleres e os homes que coñecen é tamén un mundo partillado polas ánimas. A miúdo a voz narrativa avanza case bailando a través das descricións, un ritmo poético que semella vir dun fluír do inconsciente, dunha psicoloxía rescatada das lembranzas dun pasado, ás veces vivido e gozado e outras veces case totalmente esquecido. Todo lector galego sabe que o rescate do pasado ten unha función colectiva na Galiza contemporánea, porque ofrece a posibilidade de des-borrar, de re-memorar, as raíces da súa identidade telúrica e anímica. O público lector en galego tamén sabe que o pasado remoto da terra non carece de incidencia na realidade actual, aínda que mans e voces alleas (tamén algunhas galegas) teñan contribuído a unha conceptualización pintoresca dunha Galiza máxica. Por tanto, a maxia –desde esta perspectiva do papel que contribúe á fundación dunha identidade cultural– é máis que unha ollada que se defina como sensíbel ao irracional. O mundo encantado e

imaxinado non presenta dificultades de interpretación: a maxia é quen de suxerirnos moitas cousas, todas feitiцеiras ou atraentes, esenciais para comprendermos o que é a nación galega.

Así as lendas, os mitos, os personaxes do folclore galego dalgúns destes contos constitúen un corpus cultural que está presente na vida cotiá de Galiza – localización posíbel, en parte, por mor dos moitos topónimos da zona. O conxunto de lugares, persoas e feitos compoñen unha identidade á vez irreal e situada no pasado lonxincuo; ao mesmo tempo, a perspectiva da voz narrativa non cuestiona o presente e non causa incomodo. Son historias que se acomodan a unha interpretación do galego como algo eterno, que existe nalgures, se callar perto da idea do celtismo e dos pobos costeiros do Atlántico de longas lembranzas. Aínda así non se atopa unha copia da tradición oral sen máis, porque Marica Campo emprega o pasado dun xeito moi diferente dos autores galegos como Fole ou Cunqueiro, xa que, ao mesmo tempo que bota man das lendas e fantasías dos devanceiros, faino coa ollada virada cara ao presente. E sobre todo faino coa ollada dunha escritora que valora a experiencia das mulleres. Por iso a presenza das mulleres, a solidariedade delas na súa narrativa, xunto coa representación delas ao longo de moitos séculos, tórnase unha reivindicación do xénero feminino, coa súa incríbel complexidade literaria e psicolóxica.

O ton que caracteriza o estilo destes relatos podería semellarse a miúdo á morriña ou tristura, á idea da perda ou do fracaso –é dicir, a un sentimento non feminista– mais non se debe confundir a procura do pasado cun proxecto trunco ou frustrado, nin cunha visión pesimista da muller. A autora volta ás orixes lonxincuas da memoria galega, laica, máxica, relixiosa ou rebelde e desde a colectividade desas experiencias vai tecendo as historias que fan ciclo, ou círculo. As fontes de información poderían vir de diversos lugares: textos eclesiásticos, conversas familiares, lecturas laicas de historia e cultura, o persoal, prosa e verso, o inconsciente. Non importa que a situación dun relato aconteza nun tempo remoto; a voz narrativa parte dun lugar moi perto dos personaxes, como se tivese estado con eles, e déixaos falar. O traballo dos lectores é encadear os momentos diversos nunha cronoloxía que os fusione nunha visión só de Galiza e as súas mulleres.

## Voces femininas

Podemos preguntarnos como simplemente xuntar as circunstancias e eventos pode ser unha afirmación feminista, e parte da resposta está no facto de que rescatar as voces das fémias de diversos momentos significa inserilas na historia galega. Mais cómpre subliñarmos que os contos de Marica Campo non idealizan a perspectiva feminina senón que a amosan de xeito realista, malia inventado. Desde as aventuras dunha María Balteira xa vella que quer tornar a ser nova e que non renega do que fixo, até a dona dun mariñeiro que pensa abortar por non poder manter máis fillos e despois pensa no que custaría non deixar vivir a ese fillo, os personaxes representan moitos aspectos da vida das mulleres galegas. Entre eses aspectos encóntrase a capacidade delas de razoaren e tomaren decisións, de sentiren amor e de se sacrificaren se for preciso. Nunha palabra: malia a súa relación co mundo natural que podería correr o risco de convertelas en simples plantas, animais, ou seres imaxinarios, non son seres pasivos.

Un dos motivos da identidade é o espello ou a imaxe que amosa quen é o personaxe. Pode ser un espello real ou o concepto do reflexo, a procura da identidade, a fusión e confusión de personaxes entre si ou na comprensión dos lectores. Pode ser unha ambigüidade expresada por uns personaxes verbo doutros. Mais non sempre é cuestión de saber quen é quen, como no caso da Balteira e a meiga, que son dúas mulleres. Ás veces o troco ocorre entre un animal (a fada) e un home (o señor) –troco imposíbel, de falarmos en termos realistas, por seren animal e humano e tamén por seren femia e home. A unión deles dous pode ter lugar porque é produto dunha lenda oral, popular, que dita a sorte partillada de ambos os dous. Finalmente, a (con) fusión pode ter lugar entre unha muller (a meiga) e a choiva, nun transvase lingüístico ou discursivo que podería non resultar convincente de non empregar a autora o áxil recurso de deixar falar á mesma meiga que se ve convertida en líquida precipitación. A meiga mestúrase cos espazos naturais nun proceso cuxa causa non sempre se explica. Esa falta de causa, aínda que fose fantástica, fai medrar a impresión de estarmos nós os lectores nun mundo irreal, onde as regras de funcionamento non nos son coñecidas. A meiga é igual á choiva, ou convértese en choiva: non sabemos por que razón, e sentiríamos que estamos perto do

mundo da fantasía infantil, se non fose que o relato fala das relacións entre homes e mulleres, de ciúmes, dos conxuros contra a preñez. E a voz da meiga desfaise, tornándose morno caer de palabras, póstumas e eternas.

Como xa apuntamos, os relatos de Marica Campo están fundamentados principalmente nos espazos galegos dos que agromaran os personaxes e as súas experiencias. Son lugares onde todo ten raíces, medra e, necesariamente, morre. A auga, nas diversas formas que ten, é motivo moi relacionado con Galiza, mais non resulta ser un simple tópico (como noutros escritores) nestes contos debido á técnica. É dicir: non é tanto a descrición da auga (fontes, choiva etc.) como é o ritmo das ondas ou das pingas, do fluír, ou case do flotar, da conciencia e do inconsciente. O estilo destes relatos é un delicado tecer de voces, ollos e corpos. Non esquezamos a idea, desde hai tanto tempo, e grazas a G. Bachelard, que soño e auga teñen unha relación íntima cos momentos finais da existencia:

*Todo un lado da nosa alma nocturna se explica polo mito da morte concibida, como unha partida na auga. Para o soñador, as inversións entre esa partida e a morte son continuas. Para certos soñadores, a auga é o movemento novo que nos invita a unha viaxe nunca realizada. Esa partida materializada arráncanos a materia da terra. (A auga e os soños)*

Outro motivo destes relatos é o do camiño, coa súa polisemia, que abrangue desde o Camiño de Santiago até o camiño da vida. Mais se o camiño é un avanzar a pé en forma de liña, tamén pode verse como un viaxar con ida e volta, unha traxectoria que fai círculo, con todo o que significa cerrar ese círculo de cumprir ou de morrer. O conto final, “A contadora de contos”, pecha o círculo narrativo repetindo palabras nun diálogo sen voz narrativa. As palabras son repetidas dentro deste texto á vez que recollen palabras ou frases doutros relatos do libro. Así o final é tanto un cerrar o círculo (e os ollos da nena) como un afirmar os rumbos e andainas anteriores, un dicir que van seguir os personaxes femininos na memoria da nena porque ela é herdeira das lembranzas e saber da avoa. Mesmo así, non vai ser simple recipiente do que sabe a avoa senón que vai ter unha capacidade de seu para reformular e recombinar o que vai aprendendo no diálogo.

Na contigüidade e continuidade das xeracións podemos localizar a idea das xeirás da vida feminina: a moza ou doncela; a muller fértil e madura; a muller sabia e meiga (sabia polos anos vividos e as experiencias). Xuntas representan as fases da Deusa ou Morrigan tripartita, cada fase organizada arredor dun ‘misterio do sangue’ (B. Walker, *The Woman’s Encyclopedia of Myths and Secrets*). Seméllanos que as protagonistas de Marica Campo senten e sofren os efectos dunha cultura que non comprende nin goza da sexualidade feminina e moito menos nos anos maduros.

## A Balteira como eixo

*Ringleiras de homes no recordo: homes vencidos na súa batalla de dados e cobiza, homes derrotados na baila invencible das súas pernas. Quere dicir, arrepentirse, chorar, lavar con bágoas a culpa antiga, mais o recordo é unha festa de vida e de ledicia. O sangue aínda está morno e pula polos días do pracer. O arrepentimento non é posible onde a saudade é hedra que o abraza todo. (‘Confusión e morte de María Balteira’)*

Con estas palabras podemos ver a muller sensual e autónoma, a muller vital, dona dunha vida que xa ocupa máis o pasado do que o presente, muller lendaria xa en vida e porén arelante de non deixarse vencer aínda pola morte. Para ser o que foi, a Balteira precisou da meiga Eusenda, outra e ao mesmo tempo a mesma. Como di Eusenda: “ti es eu e eu son ti”. A mestura das dúas identidades femininas resulta nunha constelación de suxestións e precisións que empezan no eixo que é María Balteira, non só dentro do relato que leva o seu nome senón tamén no feixe de textos que constitúen este volume e chegan até os textos poéticos de Marica Campo, como *Sextinario: trinta e seis + tres* (2007) e a obra de teatro *Confusión de María Balteira* (2008).

O principio que centra un relato pode ser unha voz en primeira persoa, como en “Unha meiga en ‘Albinoni’”. Outras veces é o vínculo entre mulleres –“Lavadeiras nocturnas”, “Mulleres no camiño” ou “A contadora de contos”–. As do camiño empezan a volta ao comezo do libro, tecendo tempos e perspectivas, lembranzas e esquecemento: a memoria histórica herdada por unha muller moderna, anacos e imaxes que entendemos nós mellor, os lectores, se callar, que a

protagonista. Finalmente, a ‘Contadora de contos’ podería ser a avoa que conversa coa neta e que tece os fíos das que ela chama ‘as mulleres despenteadas’. Podería ser, mais a neta colle o fío e empeza a elaborar unha historia de seu, unha historia nova e vella ao mesmo tempo, unha historia inmorredoiira, a súa voz mesturada coa de outra(s)...

## A muller salvaxe

Os relatos de Marica Campo non só teñen o efecto de traxer semellanzas entre as diferentes protagonistas como representantes da psicoloxía ou da psique feminina, senón tamén como seres con poderes sobrenaturais que empregan ao servizo do amor ou da supervivencia. Son os seus aliados os elementos da natureza mais non é doado identificar a modalidade desa relación: ás veces é similar ás relacións que se atopan nas historias de fadas; ás veces o que determina a relación é unha lenda galega; outras veces hai matices provenientes do feminismo que está baseado na intimidade entre o sexo feminino e os arquetipos. Neste último senso, a relación muller/animal (cervo, lobo etc.) pode lembrarnos a perspectiva de C.P. Estés, psicóloga junguiana e autora de *Women Who Run With the Wolves* [‘Mulleres que corren cos lobos’]. Estés, que di que foi criada en medio da natureza, presenta o retrato da Muller Salvaxe, dicindo: “Ás veces chámase a ‘muller que vive ao final do tempo’ ou a ‘que vive no bordo do mundo’. E esa criatura é sempre unha meiga-creadora ou unha deusa da morte ou unha doncela que descende ou calquera outra personificación”. Engade Estés que “no inconsciente psicoide... a Muller Salvaxe é tan inmensa que non ten nome”.

Nos relatos de Marica Campo atopamos a mesma inmensidade ou amplitude da figura da Muller: indomábel, agarimosa e maternal, arelante de vinganza, sensíbel e poderosa, por mencionarmos algunhas das súas facetas. Unha muller que é todas as mulleres, reais e imaxinarias, históricas e imaxinadas. Todas elas, aínda nos momentos de derrota, amosan unha capacidade de visión, moitas veces de agarimo, de fortaleza e de creatividade. Toda unha representante da Galiza.

*Kathleen March*  
(Universidade de Maine)



# Confusión e morte de María Balteira\*

---

*A Pilar Pallarés*

Quere dicir, María Balteira, da boca xuradora, da trampa e o mal perder nos dados, do xacer godalleiro. Lonxe os días de Pero de Ambroa, louco de amor por ela. Lonxe tamén o Fi de Escallola, mouro con poder da Meca para abrir e pechar o paraíso de Mahoma e que lle fixera dubidar de cal dos ceos quería posuír alén da morte. Mais quere a Balteira, xa á fin do camiño, o ceo da nenez, un ceo contra o demo e a lascivia, o ceo da Virxe María e dos anxos louros coma os fillos non nados, coma fillos de auga concibidos do orballo.

Axeónllase a vella cruzada no confesionario, nas sandalias o po bendito de Terra Santa e o po sarraceno de Guadix e Sevilla, de Málaga e Comares. Quere dicir María Balteira, María dos Camiños, o longo pecado dunha existencia de costas a Deus.

Ringleiras de homes no recordo: homes vencidos na súa batalla de dados e cobiza, homes derrotados na baila invencíbel das súas pernas. Quere dicir, arrepentirse, chorar, lavar con bágoas a culpa antiga, mais o recordo é unha festa de vida e de ledicia. O sangue aínda está morno e pula polos días do pracer. O arrepentimento non é posíbel onde a saudade é hedra que o abraza todo.

Burlas de Pero Mafaldo inspiradas polo amor doído. Escarnios do Rei Sabio. Ataques de Vázquez de Talaveira. Dicides de Pedro Amigo... Loanzas, á fin, ao poder de muller que lle fora dado. Pero a sátira de Xoán Baveca era outra cousa. As palabras do trobeiro

foran o comezo dunha dor fera e selagre: María Peres, a Balteira, era vella xa.

Quere confesar a soldadeira e o pasado acode en troupeleo ás veas e esvaece enteiro nun berro estarecido:

—Son vella, ai, capelán!



Eusenda de Armea venta algo e fita o horizonte co seu ollar case cego. A noite anterior soñara con María Peres. A Balteira do soño viña á mulleranga nunha egua branca, con só dous acompañantes alugados para a ocasión, tal como tiña por costume. En realidade non lle distinguira a cara, pero sabía que a era polo arrecendo e polas palabras que lle escoitara tantas veces:

—Veño a que me fagas un traballiño.

Despois a Balteira apeárase da egua, abrira a capa vermella e deran en saír dela nenos-anxos louros e morenos, brancos e mouros, voándolle arredor como paxariños.

Eusenda de Armea sabe que os soños son avisos e que a Balteira non tardará en aparecer. Outrora viña moi a miúdo buscar enerxía para o amor, louzanía para a pel, frescura para o alento e, case sempre, desfacer aquilo que lle fixeran ao seu pesar. Muller de moi boa saúde, sometérase un número incontable de veces ás prácticas da meiga de Armea. Apenas unha semana e xa volvía á vida de sempre, como se nada tivese pasado. Só un fillo deixara nacer, que, segundo dicían, xa non a precisaba e andaba no exército co Rei.

O oído de Eusenda, que medrou co rever da vista, percibe o galope dos cabalos cando aínda están tras o horizonte. E, no entanto de chegaren, sabe –como ela sabe as cousas– que aquela será a derradeira viaxe de María Peres a Armea, a terra que a vira

nacer. E sabe tamén que a doenza que trae consigo a Balteira ten moito que ver coas voces dos espellos, coas flores murchas, coas memorias do sol e do viño novo.

Vén María Peres co rostro velado. Salta áxil da egua branca coma nos vellos tempos. Camiña decidida cara a Eusenda, co mesmo aire na saia que anos atrás. Cando retira o pano do rostro, faino igual que se arrincara a venda dunha chaga. Adiviña, que non ve, a meiga, os estragos da idade no rostro da Balteira. Adiviña aínda intacta a fogueira no fermosísimo ollar. E cala até escoitar coma no soño, coma tantas veces tempo atrás:

—Veño a que me fagas un traballiño.

—Pasa, María. Había ben tempo que non me precisabas. Onde andaches? Disque por Compostela, entre cregos e estudantes.

Entende a Balteira o reproche e couta o paso decidido tras a meiga.

—Ai, miña María, teño que estar sempre a carón do lume, en inverno e en verán.

Entraran na lareira onde aínda brillaban unhas brasas entre a borralla quente.

—Cando o frío se apodera dos ósos non hai xeito de desbotalo. Senta.

—Dicías que che tiña que facer un traballiño? Xa case non vexo. Non estou para esas cousas. Pero..., cantos anos tes? Non será que secou a fonte?

—Non se trata diso. Esta vez non é a iso ao que veño.

—Ah, vas emprender unha viaxe e queres consultar, queres que che diga polos espirros e polas aves cales son os agoiros, non si?

Nega a Balteira, movendo a cabeza.

—Ai, xa. Outra vez os celos! Cando acougarás? Até aquí chegou a sona dos teus amoríos cun estudante que ben podería ser fillo teu. Que queres de min, María Balteira? Desexas que lle seque o corazón para que non ouse amar outra se non te quere a ti? A cantos homes hei desgraciar aínda no teu nome? Nunca máis! Enténdeo ben: Nunca máis! Xa non traballo. Confesei e agora ando a gañar indulxencias. Aínda que non fose máis que polos fillos que che desfíxen a ti e polos homes que che axudei a derrotar, tería milleiros de anos de purgatorio. Déixame morrer en paz. Disque a bruxería é un grandísimo pecado e máis cando é para facer mal a alguén.

Quere falar a Balteira, pero Eusenda segue nun berro, cunha enerxía difícil de entender en corpo tan pequeno e engurrado.

—Engados de María Balteira! Quen serías ti, de non ser por Eusenda? Eras moita muller para ser unha soa! Que mol o leite do Rei, que amábeis os cabaleiros! Pero ti nunca chegarías a eles de non ser por min, pola eivada de quen moitos fixeron burla. Eras moita muller para ser unha muller soa, mais ti ben o sabes: o corpo era teu; o ferver do sangue, a loucura do ventre, o arrendo do alento, o sal e o mel que deitabas, o misterio que te facía poderosa e terríbel, eran meus. Meus, María Balteira. Da mesma que recibía as migallas da túa festa coma se fosen esmola, sendo tan dona coma ti de todo; porque eu xacía contigo sempre que xacías cun home.

Non é ninguén a soldadeira diante de Eusenda. Escintílanlle os ollos. Quere berrar, quere falar, pero di baixiño:

—Eusenda...

—Non digas Eusenda, di María Peres porque ti es eu e eu son ti. Ou, mellor aínda, non digas cousa porque xa as dúas estamos acabadas, somos como esa cinsa. Adiviñei desde o principio ao que viñas. Ti sabes mellor ca min até que punto estás acabada.

—Eu aínda ardo, aínda son coma esas brasas.

—Agarda. Agarda un pouco e verás que non tardan en se confundir coa cinsa. Foron un mesmo lume, logo han ser unha mesma borralla.

—Dareiche canto teño se me axudas outra vez, a última. Non quero facer mal a ninguén, non estou celosa. Xa o sabes: só quero recuperar o que perdín. Quero volverme nova, quero outra volta a xuventude e ti coñeces o segredo.

—Xurei que non volvería, queimei o Libro, confesei... Confesei os nosos pecados, María Balteira. Non quero que a nosa alma arda para sempre nos infernos!

—Dareiche cartos e cartos para que poidas mercar todas as indulxencias que precisas. Gustaríache ser soterrada no mosteiro de Sobrado? Levaríante desde aquí nun cadaleito cuberto con tres varas de estanforte vermello e farían pranto por ti coma se foses unha condesa. É un dereito que eu teño adquirido e que che cedería.

—E ti? Non se che dá nada da morte? Non has confesar tamén?

—Non podos. Tentei facelo, mais non podos. E teño moito medo. Son unha folla murcha que logo ha tirar o vento. Se ti me axudases volvería verdear, agromaría de novo. Débesmo, Eusenda. Ti mesma o dixeches: “Os meus pecados son os teus pecados. Unha muller soa non dá para tanto. Era moita muller a Balteira para ser unha muller soa”. Eran a túa herba leiteira e a túa menta, a túa ruda e a túa raíña dos prados. Eran a espadana amarela e a margarida. Eran a correola e a consolda que ti me dabas...

—A consolda, a herba das feridas! Cantas non che teño estiñado!

—E eran as palabras do Libro.

—Endexamais souben ler, María. As palabras nacían de min como a auga nace das fontes. Non sei se eran as do Libro ou se eran outras, pero facían efecto, valían. Ti ben vías como che daban forzas e como aumentaban o teu poder de femia. Ben vías como os ho-

mes se axeonllaban ao teu paso. Eu procuraba o zume da terra onde abrollara para cho fornecer, porque da terra vén a calor e o desexo, o amor e a vinganza, a carraxe e a dozura, a vida e a morte.

A Balteira escoita envisa e, por vez primeira, fala leda:

— Logo eu non pequei, pecou a terra!

— A terra e mais eu, que fixen dela un solimán para que ti vivises o que a min non me era dado vivir. Canto ameí e tremín desde o teu corpo, María Balteira! Razón tes de non te poder arrepentir. Comigo morre o teu pecado, Deus me perdoe.

— E que vai ser de min?

— A terra e mais eu aínda temos algo que che dar. A terra é piadosa e non che pide nada a cambio; vaiche dar milleiros e milleiros de veces máis o seu zume, que non o seu pecado como ti dis. O pecado é meu, logo que sexan para min o sartego en Sobrado e as indulxencias. Pero deixa que cando pase o meu cadaleito digan todos: “Aí vai María Balteira, a muller máis fermosa que existiu no mundo, a máis amada, a máis leda...”

— E cando eu morra?

— Non me irei sen che dar o acougo da flor de malva. Cando o teñas, xurdirás na carpaza e no toxo albar, no codeso e na herba leiteira. Volveraste solda do monte e espiga de auga, espadana amarela e xunco de lagoa. Recenderás no romeu e na herba luísa. Serás doce no chuchamel e amarga na xesta e no saramago.

Agora sabe María Balteira cal é o ceo que ela desexa. Non é o do Profeta que lle anunciara Fi de Escallola. Tampouco o dos anxos louros contra a lascivia e o inferno. É o ceo que lle anuncia Eusenda, a meiga de Armea, o ceo dos ciclos da vida e da terra, un ceo iluminado polo mesmo sol e pola mesma lúa que os días da nenez.



Camiño de Sobrado vai a comitiva fúnebre. Un sartego cuberto con tres varas de estanforte vermello. Persígnanse as xentes ao seu paso. Algúns axeónllanse.

—Deus perdoe á grande pecadora!

—Foi amiga do Rei e perdeu a moitos.

—Disque non garda nada da antiga beleza, que se encolleu coma un verme.

—Non é a Balteira a que van soterrar, é unha meiga á que lle deixou o que tiña, mesmo o dereito a repousar en Sobrado.

—Si que a é. Onde vai, se non, a Balteira?

—Onde vai, se non, a meiga?

—Ese que vai chorando detrás do cadaleito é un estudante, o derradeiro dos seus queridos.

—Non, ese é o fillo de María Balteira.

—O fillo non. O fillo está loitando contra os mouros.

—Se non fose esa a Balteira, o estudante non había chorar así.

—A Balteira era moi vella, como había ter un querido tan novo? Ten que ser o fillo.

—En Teixeira abriron o ataúde mentres descansaba a comitiva e disque non é a Balteira a que morreu.

En Armea a terra estala en vida, posuída e preñada nun celo vexetal interminábel.

1989

\* *Primeiro premio do certame literario  
“Meigas e Trasgos” de Sarria.*